

Resolución de 14 de decembro de 2015 da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña, pola que se declaran os aspirantes admitidos e excluídos no procedemento de mobilidade interna provisional convocado por Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña de data 17 de novembro de 2015.

A base quinta da Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña de data 17 de novembro de 2015 pola que se convoca procedemento de mobilidades interna provisional ao abeiro da Disposición Adicional 5ª do decreto 206/2005 e do acordo de 29 de outubro de 2010, di que expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Xerencia de Xestión Integrada ditará unha resolución provisional de admitidos e excluídos, indicando neste último caso a causa da exclusión. Transcorrido o dito prazo aprobarase a relación definitiva de admitidos e excluídos e procederase a baremación das solicitudes.

Por todo iso, esta Xerencia de Xestión Integrada

RESOLVE:

Primeiro: Declarar, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos ó proceso de convocatoria sobre mobilidades interna de prazas vacantes na XXI da Coruña.

Segundo: A listaxe poderá examinarse no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña (Hospital da Coruña, Xubias de Arriba 84), e no ESPAZO DO PROFESIONAL.

A Coruña, 14 de decembro de 2015

O DIRECTOR DE RECURSOS HUMANOS DA XXI DA CORUÑA

Asdo.: Manuel Gomez Lopez





DILIXENCIA

Para facer constar que con esta data publícase no taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña (Hospital de A Coruña, Xubias de Arriba 84) a resolución coas listaxes definitivas de admitidos e excluídos en relación coa Resolución de data 17 de novembro de 2015 da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña pola que se convoca procedemento de mobilidade interna de prazas vacantes desta Xerencia.

A Coruña 14 de decembro de 2015

O DIRECTOR DE RR. HH.



Asdo.: Manuel Gómez López